

COMUNICADO Nº 193/23

18 DE AGOSTO DE 2023

AS PONTES ACOLLERÁ A PRIMEIRA EDICIÓN DA “SUPERCOPA FGA DE KARTING”

O Circuito de As Pontes acollerá a primeira edición da "Supercopa FGA de Karting", que marcará o fin de festa para a tempada 2023 do karting galego durante os días 8,9 e 10 de decembro.

A proba, enfocada ás probas puntuables para o Campionato de Galicia de Karting, terá unha novidade. A categoría KzR nace para acoller a todos os pilotos e copilotos de rallye ou outras especialidades do automobilismo que estiveran en activo en algunha das últimas tres tempadas (e que dispoñan da correspondente licenzia autonómica da FGA en vigor na tempada 2023 e as das Federacións con convenio de licenzias) e queiran participar na proba dentro das modalidades Kz e Kz2.

Sen dúbida a categoría será un dos grandes atractivos da proba. Outra delas será a posibilidade de participar pilotos que non teñan licenzia federativa en vigor para poder probar nunha competición, previa solicitude á FGA do seguro correspondente e como medida excepcional por ser unha proba non competitiva e un fin de festa do karting galego, con todas as esixencias técnicas e deportivas dunha proba do certame autonómico, todo co aval da FGA.

A especialidade de karting reviviu con forza en Galicia neste 2023, proba diso foi a inscrición de máis de 70 pilotos na primeira data do calendario.

A segunda proba do Campionato Galego terá lugar en Outeiro de Rei, os días 23 e 24 de setembro. Ademais, recórdase tamén que o Circuito de As Pontes permanecerá aberto para adestramentos de Karting con tangas organizadas nas seguintes datas:

- 9/10 Setembro
- 30/1 Outubro
- 25/26 Novembro
- 2/3 Decembro